



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL**

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa
Rúa Entrante nº7
36600 Vilagarcía de Arousa
Telf.: 986 566 440

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía

Curso 2024-2025



ÍNDICE

ÍNDICE	2
INTRODUCCIÓN	3
1. PLAN ANUAL	4
A) OBXECTIVOS.....	4
A.1) Obxectivos xerais	4
A.2) Obxectivos específicos	4
B) DETALLE DOS OBXECTIVOS, TEMPORALIZACIÓN, RESPONSABLES E AVALIACIÓN	4
B.1) Obxectivo: Optimizar e humanizar os espazos do centro	4
B.2) Obxectivo: Elaborar, actualizar e publicar toda a documentación do centro ..	5
B.3) Obxectivo: Adaptar a oferta educativa do centro á nova realidade social	5
B.4) Obxectivo: Aumentar e consolidar o cadro de persoal do centro	6
B.5) Obxectivo: Fomentar a convivencia no centro e o benestar emocional.....	6
B.6) Obxectivo: Mellorar os mecanismos de comunicación do centro	7
B.7) Obxectivo: Promover a formación do profesorado a través do PFPP do centro e mellorar a competencia dixital do profesorado e alumnado	7
B.8) Obxectivo: Continuar coa dinamización da biblioteca do centro	8
B.9) Obxectivo: Reorganizar o funcionamento das actividades culturais.....	8
B.10) Obxectivo: Optimizar os recursos orzamentarios	
B.11) Obxectivo: Favorecer a igualdade	
B.12.) Obxectivo: Reforzar a imaxe institucional e promocionar a actividade da escola na contorna	
2. HORARIO XERAL DA EOI	10
A) HORARIO DO CENTRO	10
A.1) Horario de atención ao público de administración.....	10
A.2) Horario de limpeza	10
B) HORARIO LECTIVO	10
C) CALENDARIO ESCOLAR.....	12



3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	13
3.A) Actividades extraescolares dos Departamentos	13
3.B) Actividades do Equipo de Dinamización da Lingua.....	13
3.C) Outras Actividades Organizadas pola Escola	13
4. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	19
Formación: “Proxectos de centro II: PAT”	19
Formación: “Observando as TIC do centro”	19
5. PROXECTO DE ORZAMENTO	21
6. PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA DO CENTRO	22
7. PROGRAMACIÓN DO SERVICIO DE BIBLIOTECA	22
8. PROGRAMACIÓN DO SERVICIO DE RECURSOS MULTIMEDIA	22

INTRODUCCIÓN

Como introdución a esta Programación Xeral Anual (PXA) gustaríame partir dos conceptos de misión da EOI de Vilagarcía, visión de centro e valores base establecidos no Proxecto de Dirección a catro anos (2023 – 2027) aprobado en maio 2023.

Como centro multilingüe e multicultural, a **misión** da EOI Vilagarcía de Arousa é contribuír a crear un modelo social que fomente a igualdade e a diversidade. Queremos ser un referente no ensino de linguas estranxeiras en Vilagarcía de Arousa e na comarca do Salnés e poder satisfacer as necesidades da sociedade en adquirir competencia no uso doutros idiomas. Buscamos tamén crear comunidade escolar e contribuír así ao crecemento persoal e profesional das persoas traballadoras do centro.

A **visión do centro** nun futuro é o máis complicado de todo. A curto prazo precisamos consolidar unha familia con todos os membros da comunidade educativa. Deste xeito atraeremos máis profesorado e alumnado que desexe repetir connosco ano tras ano. Por outra banda, a longo prazo crearemos un centro de calidade educativa.

Finalmente, cada un dos membros que conforme o equipo directivo aporta unha serie de calidades complementándonos entre nós. Partimos da honradez, da transparencia e da equidade como **valores base**. Isto lévanos ao cumprimento da lexislación vixente e, o que nós non cumpramos, non llelo poderemos exixir ao demais.

Seguindo estes principios, durante este curso escolar 2024-25 tentaremos levar a cabo os obxectivos incluídos no proxecto de dirección para as diferentes áreas de mellora mediante a implementación duns plans de actuación para cada un deles.

1. PLAN ANUAL

A) OBXECTIVOS

A.1) Obxectivos xerais

- Optimizar e humanizar os espazos do centro.
- Elaborar, actualizar e publicar toda a documentación do centro.
- Adaptar a oferta educativa do centro á nova realidade social.
- Aumentar e consolidar o cadro de persoal do centro.
- Fomentar a convivencia no centro e o benestar emocional.
- Mellorar os mecanismos de comunicación do centro (interna e externa).
- Promover a formación do profesorado a través PFPP do centro.
- Mellorar a competencia dixital do profesorado e alumnado.
- Continuar coa dinamización da biblioteca do centro.
- Optimizar os recursos orzamentarios.
- Favorecer a igualdade.
- Reforzar a imaxe institucional e promocionar a actividade da escola na contorna.

A.2) Obxectivos específicos

- Estudar unha mellora dos espazos do centro.
- Redactar o Plan de Acción Titorial.
- Revisar o Plan de Autoprotección do centro.
- Analizar a oferta educativa do centro segundo as demandas sociais.
- Solicitar unha ampliación de plantilla do centro, onde sexa necesario.
- Dar a coñecer o Plan de Convivencia do Centro.
- Revisar os mecanismos de comunicación existentes.
- Solicitar liñas de formación acorde ás necesidades do centro.
- Seguir participando no PLAMBE de Bibliotecas Escolares.
- Revisar o reparto orzamentario de varias partidas.
- Levar a cabo actividades de igualdade de diferentes temáticas.

B) DETALLE DOS OBXECTIVOS, TEMPORALIZACIÓN, RESPONSABLES E AVALIACIÓN

B.1) Obxectivo: Optimizar e humanizar os espazos do centro.

Este 2024-25 seguiremos traballando neste obxectivo comezado no curso pasado en relación aos espazos, equipamento e mobiliario.

Temporalización e liñas de actuación:

- Primeiro trimestre:
 - Revisión de resultados da enquisa de habitabilidade levada a cabo no curso 2023-24.
 - Solicitud de mobiliario á Consellería, de ser o caso.
 - Solicitud de orzamentos para a mellora de espazos, de ser o caso.
- Segundo trimestre
 - Compra ou contratación do necesario para as melloras resultado da enquisa de habitabilidade.
- Terceiro trimestre:
 - Acometida das melloras de espazos.

Responsable(s): equipo directivo.

Indicadores de logro: recibir todos os materiais solicitados á Consellería, xuntar tres orzamentos por petición.

B.2) Obxectivo: Elaborar, actualizar e publicar toda a documentación do centro.

Detectada a inexistencia de proxectos e plans obrigatorios en calquera centro educativo de Galicia, no curso 2023-24 elaboráronse o Proxecto Educativo de centro e o Plan Lector, quedando pendentes para o 2024-25 a revisión do Plan de Autoprotección do centro e a redacción do Plan de Acción Titorial.

Temporalización e liñas de actuación:

- Primeiro trimestre:
 - Revisión e posta en coñecemento do Plan de Autoprotección do centro.
 - Redacción do Plan de Acción Titorial.

- Elaboración dun plan de acollida para o persoal non docente no centro.
- Coordinación e redacción de protocolos e guías para o persoal non docente (protocolo de limpeza e protocolo de administración).
- Segundo trimestre:
 - Revisión e actualización de documentación para a realización de trámites administrativos no centro.
- Terceiro trimestre:
 - Revisión e actualización do protocolo de apertura e peche do centro.
 - Petición de achegas para o NOF.

Responsable(s): equipo directivo e claustro de profesorado.

Indicadores de logro: realización de reunións de organización, seguimento e finalización para a redacción de documentos; publicación documentos na web do centro e noutros espazos habilitados.

B.3) Obxectivo: Adaptar a oferta educativa do centro á nova realidade social.

No curso 2023-24 fíxose un estudo da oferta educativa do centro mediante unha enquisa aberta á comunidade educativa e potencial alumnado da contorna do Salnés. Neste 2024-25 valoraremos xunto coa Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) se facer novamente a enquisa ao completo ou unicamente para algunha tipoloxía de cursos de interese para os diferentes departamentos.

Temporalización e liñas de actuación:

- Primeiro trimestre:
 - Valoración da realización dunha enquisa de sondaxe sobre as preferencias de cursos dirixida ao alumnado do centro, aos centros educativos da contorna e a outras institucións de carácter público.
- Segundo trimestre:
 - Realización da enquisa anterior e análise dos resultados, de acordarse.
 - Análise e valoración se os cambios implementados na oferta educativa do 2024-25 diminúen o abandono/absentismo escolar.

Responsable(s): Xefatura de estudos, xefaturas do departamentos e persoa coordinadora de

recursos.

Indicadores de logro: realizar unha reunión por trimestre, obter unha participación do 60% do alumnado matriculado no 2024-25.

B.4) Obxectivo: Aumentar e consolidar o cadro de persoal do centro.

O centro seguirá a solicitar a consolidación do claustro de profesorado. No curso 2023-24 adxudicouse unha praza definitiva de francés, mais non de galego. Para este 2024-25 procede continuar o traballo comezado.

Temporalización e liñas de actuación:

- Primeiro trimestre:
 - Elaboración de informe para a solicitude de unha praza definitiva de galego e dúas prazas de inglés.

Responsable(s): dirección.

Indicadores de logro: vacantes cubertas con persoal definitivo para o centro.

B.5) Obxectivo: Fomentar a convivencia no centro e o benestar emocional.

Co fin de garantir un bo clima de traballo, será preciso dar a coñecer o plan de convivencia do centro.

Temporalización e liñas de actuación:

- Primeiro trimestre:
 - Campaña publicitaria do plan de convivencia do centro.
- Terceiro trimestre:
 - Revisión do plan de acollida de persoal no centro e introdución de melloras para o curso seguinte.
 - Creación dunha rede de alumnado-titor para favorecer o asesoramento entre iguais.

Responsable(s): equipo directivo, persoal docente e non docente así como alumnado a cargo do plan de convivencia do centro e xunta de delegados.

Indicadores de logro: publicidade do plan de convivencia en diferentes medios do centro,, participar na rede de alumnado (25% do alumnado matriculado no centro).

B.6) Obxectivo: Mellorar os mecanismos de comunicación do centro.

A publicación e posta a disposición da información non sempre garante unha óptima e eficaz distribución entre os membros da comunidade educativa.

Temporalización e liñas de actuación:

- Ao longo de todo o curso:
 - Promoción das canles nas redes sociais do centro.
 - Revisión da información dispoñible ao profesorado no servidor.
 - Revisión dos novos mecanismos de transmisión da información a profesorado e PAS.
- Primeiro trimestre:
 - Reunión informativa co representante do sector pais/nais do Consello Escolar e proxenitores/as dos menores matriculados no centro para explicar os mecanismos de comunicación de ausencia e resolver dúbidas ao respecto da EOI.
 - Reforzo do rol da xunta de representantes na transmisión da información.
 - Información e publicidade de comunicación de ausencia de menores.
 - Implementación de novos mecanismos de comunicación segundo as decisións adoptadas no curso anterior.
 - Incorporación da APP Centrosnet.
- Terceiro trimestre:
 - Campaña publicitaria e reunión informativa cos proxenitores/as de potenciais menores para o curso 2024-25.

Responsable(s): equipo directivo, Consello Escolar, persoa coordinadora de recursos e persoa delegada da xunta de representantes.

Indicadores de logro: participación do representante pais/nais 50% de asistencia de pais/nais; publicar información a respecto do seguimento de asistencia do alumnado menor de idade; aumentar o número de seguidores nas redes sociais.

B.7) Obxectivos: Promover a formación do profesorado a través do PFPP do centro e mellorar a competencia dixital do profesorado e alumnado.

A formación continua do profesorado é esencial para poder mellorar a nosa práctica docente. Polo que para o curso 2024-25 solicitaremos dúas liñas de PFPP segundo as necesidades detectadas.

Temporalización e liñas de actuación:

- Ao longo de todo o curso:
 - Formación en mellora das competencias dixitais.
 - Formación para a elaboración de documentación de centro (PAT).
 - Realización de actividades nas que o alumnado teña que empregar as súas competencias dixitais.
 - Implementación do plan dixital segundo o que se recolle nel para o curso 2024-25.
- Terceiro trimestre:
 - Detección de necesidades de formación para o curso 2024-25.

Responsable(s): equipo directivo, persoa coordinadora das TIC, claustro de profesorado e representantes do alumnado no Consello Escolar.

Indicadores de logro: participación do 100% do equipo directivo e o 30% do claustro na liña de formación para a redacción do PAT; e no resto das liñas do PFPP o 70% do claustro; realización da enquisa de necesidades por parte do 90% do claustro; participación do 60% do alumnado en actividades de competencias dixitais; cumprimento de obxectivos no plan dixital.

B.8) Obxectivo: Continuar coa dinamización da biblioteca do centro.

A pesares dos investimentos feitos na biblioteca até o momento, este espazo segue a ser un dos grandes infrautilizados por parte da comunidade educativa.

Temporalización e liñas de actuación:

- Ao longo de todo o curso:
 - As actuacións que se recollan na Programación do Servizo de Biblioteca.

Responsable(s): responsable de biblioteca e profesorado do centro dentro do PLAMBE.

Indicadores de logro: cumprimento dos obxectivos presentados na propia programación.

B.9) Obxectivo: Reorganizar o funcionamento das actividades culturais.

No curso 2023-24 traballouse na simplificación dos procesos de organización das actividades culturais e na redacción dunha guía de axuda para as xefaturas de departamento. No 2024-25 cómpre pór en práctica algunhas das orientacións indicadas.

Temporalización e liñas de actuación:

- Primeiro trimestre:
 - Integración das actividades culturais nas programacións de aula.
 - Programación de menos actividades con máis fins didácticos.
- Terceiro trimestre:
 - Análise da participación do alumnado nas actividades culturais de centro e de departamentos ao longo do ano e toma de decisións respecto á organización de actividades culturais no 2025-26.

Responsable(s): vicedirección e claustro de profesorado.

Indicadores de logro: recollida de valoración de satisfacción do alumnado participante nas actividades; memoria/informe sobre as actividades culturais: 50% de alumnado do centro participante.

B.10) Obxectivo: Optimizar os recursos orzamentarios.

Os recursos orzamentarios do centro son axustados e no curso 2024-25 a escola seguirá a asumir os gastos das melloras a levar a cabo tras a auditoría de riscos laborais realizada en xullo 2023.

Temporalización e liñas de actuación:

- Primeiro trimestre:
 - Análise do reparto orzamentario do centro e presentación de proposta de reasignación, de ser necesaria.
 - Mellora da accesibilidade das xefaturas de departamento ao estado dos gastos.
- Segundo trimestre:
 - Solicitud de axudas do fomento do galego.
 -

- Terceiro trimestre:
 - Solicitude de axudas PLAMBE, de ser aprobadas polo claustro do centro.

Responsable(s): dirección, secretaría, claustro de profesorado e comisión económica do Consello Escolar.

Indicadores de logro: unha reunión para a análise e toma de decisións, melloras indicadas no informe de riscos laborais.

B.11) Obxectivo: Favorecer a igualdade.

O respecto e a igualdade é algo que temos que transmitir desde o momento en que as persoas usuarias acceden ao centro.

Temporalización e liñas de actuación:

- Ao longo de todo o curso:
 - Participación nas reunión e outras actividades do CIM do Concello.
 - Realización dun club de lectura sobre a temática da Igualdade.
- Segundo trimestre:
 - Realización de actividades de centro e/ou aula en relación á temática da igualdade.
- Terceiro trimestre:
 - Participación no Premio de Igualdade convocado polo Concello de Vilagarcía.

Responsable(s): claustro de profesorado.

Indicadores de logro: participación do 50% e do 30% do profesorado e alumnado, respectivamente; participación no premio do concello con alomenos un proxecto.

B.12) Obxectivo: Reforzar a imaxe institucional e promocionar a actividade da escola na contorna.

A pesares dos anos que o centro leva na localidade é preciso promocionar a nosa escola como centro público de idiomas na comarca.

Temporalización e liñas de actuación:

- En distintos momentos ao longo de todo o curso:

- Inclusión dos logotipos institucionais (Xunta de Galicia e propio da EOI) en todas as comunicacións e carteis promocionais.
- Solicitude de apoio e accións divulgativas nos centros educativos da comarca en períodos de matrícula e nas actividades extraescolares.
- Reunións con persoas e/ou entidades que poden axudar a difundir a presenza da escola e o labor que desenvolvemos.
- Campañas de divulgación en medios de comunicación en períodos de matrícula e para difusión das actividades extraescolares.
- Continuidade de colaboracións entre EOIs e fomento de proxectos internacionais.

Responsable(s): equipo directivo e claustro de profesorado.

Indicadores de logro: A mellora da imaxe corporativa e/ou a percepción que ten o público do centro é difícil de medir, polo que os indicadores de logro que podemos fixar deben referirse ao número de accións divulgativas que se levan a cabo. Para este curso, deberemos levar a cabo un mínimo de cinco accións divulgativas en distintos campos ou medios.

2. HORARIO XERAL DA EOI

A) HORARIO DO CENTRO

A escola está aberta dende as 08:30h até as 21:30h con carácter xeral de luns a xoves; os venres das 8.30h ás 20.30h. A partir desas horas (21.30h e 20.30h) comezan as tarefas de peche.

No caso de non estar dispoñible unha das dúas persoas de conserxería, o centro entre as 8.30h e as 9.15h en función da dispoñibilidade do equipo directivo.

No período non lectivo de xullo o horario será de 8:30 a 14:30 pudiendo variar en función das necesidades de matrícula .

Nos días non lectivos de vacacións escolares de Nadal, Entroido, Semana Santa e mes de agosto o horario mínimo de atención ao público será de 10:00h a 12:00h. O horario podería ampliarse, se as necesidades do servizo así o precisasen.

A.1) Horario de atención ao público de administración

O horario de atención ao público da secretaría do centro será de 9:00h a 14.00h todas as mañás e de 16:00h a 20:00h os luns e xoves no período comprendido de setembro a xuño (non sendo os días de vacacións escolares). No mes de xullo unicamente haberá atención ao público polas mañás de 9:00h a 14.00h. O mes de agosto dependerá da organización que se estableza para o período de matrícula do curso 2025-26.

A.2) Horario de limpeza

O servizo de limpeza está unicamente na quenda de mañá segundo o que estipula a lexislación vixente.

B) HORARIO LECTIVO

O horario lectivo abrangue dende as 9:30h até as 21:30h. Os horarios das clases son, en xeral, de dous períodos lectivos de dúas horas á semana.

Os criterios á hora de deseñar as bandas horarias son os seguintes:

- Continuidade do horario do curso anterior sempre e cando sexa posible. En caso de conflito, a banda horario do grupo con previsión de maior número de aptos determina o horario a ofertar.
- Demandas do alumnado de franxas horarias determinadas.

- Achegas dos departamentos.
- Facilitar, na medida do posible, que o profesorado con redución de xornada condense a súa presenza no centro no menor número de xornadas posible, pero sempre atendendo á proporcionalidade con respecto á xornada completa.

Calendarios de probas: A publicación da *RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, a admisión, a matrícula e a organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25* (D.O.G. do 30 de maio) marca o seguinte:

- Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo da escola, e a última coincidirá coa proba de promoción ou de certificación.
- Nos **cursos ordinarios** o profesorado levará a cabo a **avaliación de progreso** mediante a realización de tarefas, actividades ou probas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua.
- Para os **cursos non terminais de nivel** realizarase unha **proba de promoción** elaborada polo correspondente departamento, con carácter unificado para cada curso e nivel. Esta proba terá lugar, con carácter xeral, na primeira quincena do mes de xuño, en convocatoria ordinaria, e na segunda quincena do mes de xuño, en convocatoria extraordinaria.
- A **convocatoria ordinaria de certificación** para o alumnado oficial terá lugar, con carácter xeral, na primeira quincena do mes de xuño, e a **convocatoria extraordinaria** realizarase ana segunda quincena.
- a **convocatoria** de certificación para o **alumnado libre** será organizada pola Dirección Xeral de Formación Profesional para a obtención dos certificados de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, nas datas que esta determine, no mes de xuño.

Na medida do posible, para a elaboración dos calendarios de probas ordinarias de cursos non terminais e das probas de certificación A2 e B1 (sempre que estas últimas estén unificadas) terase en consideración a situación de alumnado matriculado en máis dunha lingua.

As datas de realización das probas finais poderán ter lugar en días e horas diferentes aos



horarios ordinarios das clases do curso no que o alumnado se matricula. Igualmente, na convocatoria extraordinaria poderán coincidir as probas de distintos idiomas na mesma data e hora. (art. 11.5).

C) CALENDARIO ESCOLAR

A ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón o inicio e fin das actividades lectivas e os períodos de vacacións.

A devandita orde recolle tamén a designación de días non lectivos cando os festivos locais coincidan en período non lectivo. En Vilagarcía son festivos locais tradicionais o 22 de maio e o 16 de agosto. O claustro aprobou propor como primeira opción de non lectivo o 2 de maio de 2025, sen embargo coma en cursos anteriores acordouse solicitar a data que saíse por maioría no centros de Vilagarcía, aínda que non coincida coa nosa. A data elixida pola maioría dos centros de ensino do concello de Vilagarcía de Arousa, tal e como se recomenda no Artigo 7º.2 da orde. Finalmente, o 2 de outubro presentárase a proposta para aprobación do Consello Escolar e posterior tramitación á Xefatura Territorial a petición do 23 de maio como día non lectivo.

3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

3.A) Actividades extraescolares dos Departamentos

Estas actividades extraescolares aparecen recollidas dentro das programacións didácticas de cada un dos departamentos.

3.B) Actividades do Equipo de Dinamización da Lingua

Estas actividades aparecen recollidas dentro do Programa de Promoción da Lingua Galega.

3.C) Outras Actividades Organizadas pola Escola

Obxectivos xerais: As actividades culturais e de promoción de idiomas do curso 2024-25 prográmanse atendendo aos seguintes obxectivos xerais derivados da PXA e do proxecto de dirección para o período 2023-2027:

- Integrar as actividades culturais nas programacións de aula.
- Programar menos actividades con máis fin didácticos.
- Analizar e avaliar os obxectivos acadados programados para as actividades propostas.

Obxectivos específicos: As actividades culturais e de promoción de idiomas do curso 2024-25 prográmanse atendendo aos seguintes obxectivos específicos:

- Difundir aspectos culturais das linguas impartidas no centro.
- Elaborar e difundir produtos de lingua creados polo alumnado en formato físico, audiovisual e/ou dixital.
- Aplicar de maneira práctica e lúdica os coñecementos do idioma.
- Relacionar o dominio do idioma con outros coñecementos e habilidades.
- Establecer contactos a través do idioma obxecto de estudo.
- Fomentar a convivencia no centro.
- Promover o sentido de pertenza á comunidade educativa.
- Potenciar a presenza da EOI na contorna local e na comarca do Salnés.
- Potenciar a presenza da EOI nas redes sociais.
- Crear sinerxías de colaboración con entidades culturais e benéficas da contorna.

XORNADA DE PORTAS ABERTAS - 11, 12 E 13 DE SETEMBRO

Programación: Xornada de Portas Abertas

Datas: 11, 12 e 13 de setembro.

Lugar: Planta baixa do centro e taboleiro de culturais, aulas da planta baixa.

Descrición: No curso pasado, na última CCP 27/06/2024 acordouse realizar unhas Xornadas de Portas Abertas por departamentos para dar a coñecer as linguas que impartimos e fomentar así a matrícula.

Obxectivos:

- Fomentar a matrícula.
- Potenciar a presenza da EOI na contorna local.
- Potenciar a presenza da EOI nas redes sociais.
- Aplicar de maneira práctica e lúdica os coñecementos do idioma.
- Fomentar a convivencia no centro.
- Promover o sentido de pertenza á comunidade educativa.

Responsable(s): Equipo directivo (montaxe) e profesorado (dinamización cos grupos)

Indicadores de logro:

- Asistencia de alomenos 40 persoas.
- Publicación da actividade en alomenos 1 medio local.
- 20 reaccións nas RRSS da EOI.
- Conseguir alomenos 3 matrículas novas para cada lingua.

Alumnado destinatario: alumnado da escola, e público en xeral durante a xornada de portas abertas.

Persoas que organizan e responsables da actividade: Vicedirección (montaxe) e claustro de profesorado (fomento da participación das persoas visitantes)

Xustificación lingüística / Produto(s) lingüístico(s) resultante(s): a motivación desta actividade está orientada á consecución dos obxectivos iniciais, pode haber produtos lingüísticos ou culturais resultantes en cada posto de lingua por departamento.

Difusión e tempos para publicitar a actividade: Nota de prensa a medios de comunicación locais, RRSS e páxina web do centro.

Medidas para avaliar a actividade: Observación da participación, recollida de impresións do profesorado e alumnado na CCP do mes de outubro, análise dos indicadores de logro da programación.

Instrucións de participación: Daranse de xeito individualizado ao profesorado de maneira que se poida organizar do máis eficiente posible.

CAMPAÑA TRAE UN AMIGO E MATRICÚLATE!

Programación: **CAMPAÑA Trae un amigo e matricúlate!**

Datas: do 16 ao 20 de setembro nas aulas.

Lugar: aulas do centro e urna diante de secretaría

Descrición: Do 16 ao 20 de setembro, se estades matriculados na EOI de Vilagarcía, podedes traer un/unha amigo/a, familiar, coñecido/a a unha aula, e animar a que se matricule. O profesorado daravos un papeliño, para que no anverso escribades os vosos nomes. Este papeliño cos nomes meterédelo na urna que haberá diante da secretaría do centro, de maneira que poidades entrar no sorteo de 1 dos 10 agasallos dobres da Escola. O día 23 extraeranse 10 papeles ao chou e, trala comprobación de que ambas persoas están efectivamente matriculadas no centro, daráselles a cada unha delas un agasallo nas primeiras aulas do curso.

Obxectivos:

- Fomentar a matrícula.
- Potenciar a presenza da EOI na contorna local.
- Fomentar a convivencia no centro.
- Promover o sentido de pertenza á comunidade educativa.

Responsable(s): Equipo directivo (montaxe) e profesorado (nas aulas segundo instrucións)

Indicadores de logro:

- Participación de alomenos 20 persoas.
- 20 reaccións nas RRSS da EOI.
- Conseguir alomenos 3 matrículas novas para cada lingua.

Alumnado destinatario: alumnado da escola, e público en xeral acompañante.

Persoas que organizan e responsables da actividade: Vicedirección e claustro de profesorado.

Xustificación lingüística / Produto(s) lingüístico(s) resultante(s): a motivación desta actividade está orientada á consecución dos obxectivos iniciais, esencialmente fomentar a matrícula.

Difusión e tempos para publicitar a actividade: Nota de prensa a medios de comunicación locais, RRSS e páxina web do centro.

Medidas para avaliar a actividade: Observación da participación, recollida de impresións do profesorado e alumnado na CCP do mes de outubro, análise dos indicadores de logro da programación.

Instrucións de participación: Daranse de xeito individualizado ao profesorado de maneira que se poida organizar do máis eficiente posible.

DÍA EUROPEO DAS LINGUAS 2024 – 26 setembro

Programación: Día Europeo das Linguas

Datas: semana cando cadra o 26 de setembro.

Lugar: aulas do centro e vestíbulo da entrada taboleiro de culturais

Descrición: Co gallo do Día Europeo das Linguas (26 de setembro), no hall no taboleiro de 'culturais' un mural branco de fondo con globos de cores. A actividade consiste en que durante a semana na que cadra o Día Europeo das Linguas. *Cal é o mellor consello que lle podes dar a alguén que está estudando unha lingua?* Pode ser boa idea como recomendación consensuar/votar na aula antes de baixar ao hall e escoller soamente un consello por grupo, xa que pode ser que non haxa suficientes globos para cada persoa se cada un quere poñer un consello. Haberá uns globos de cores xa colocados no taboleiro, e tamén haberá outros dispoñibles. Os consellos que se escriban, pasarán a formar parte dunha guía para alumnado da EOI Vilagarcía.

Obxectivos:

- Fomentar a matrícula.
- Potenciar a presenza da EOI na contorna local.
- Fomentar a convivencia no centro.
- Promover o sentido de pertenza á comunidade educativa.

Responsable(s): Equipo directivo (montaxe) e profesorado (nas aulas segundo instrucións)

Indicadores de logro:

- Conseguir alomenos 20 consellos.
- 20 reaccións nas RRSS da EOI.

Alumnado destinatario: alumnado da escola.

Persoas que organizan e responsables da actividade: Vicedirección e claustro de profesorado.

Xustificación lingüística / Produto(s) lingüístico(s) resultante(s): os consellos que se escriban, pasarán a formar parte dunha guía para alumnado da EOI Vilagarcía.

Difusión e tempos para publicitar a actividade: RRSS e páxina web do centro.

Medidas para avaliar a actividade: Observación da participación, recollida de impresións do profesorado e alumnado na CCP do mes de outubro, análise dos indicadores de logro da programación.

Instrucións de participación: Daranse de xeito individualizado ao profesorado de maneira que se poida organizar do máis eficiente posible.

DÍA DAS BIBLIOTECAS – 24 OUTUBRO

Proposta de actividade na programación da Biblioteca para o curso actual.

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO – 25 NOVEMBRO

Proposta 1: #ENNEGROCONTRAASVIOLENCIAS. Durante a semana a EOI colgará as xa tradicionais telas negras, xunto cos carteis de #ennegro, símbolo da súa adhesión no ano 2020 á campaña **En negro contra as violencias**. O profesorado do centro poderá vir vestido de negro, coa chapiña de adhesión á campaña que se deixará nos casilleiros.

Proposta 2: desde a vicedirección buscarase organizar unha actividade interdepartamental de centro a prol da igualdade e da non violencia, coa contía do XVIII PREMIO DE IGUALDADE DE XÉNERO: BOAS PRÁCTICAS NA ESCOLA, outorgado polo Concello de Vilagarcía no curso 23-24.

Proposta 3: desde as programacións de aula dos departamentos mediante actividades de aula de ser o caso, con finalidade didáctica e integrada na lingua + elaboración dun produto lingüístico.

NADAL 2025 da EOI de Vilagarcía de Arousa – 23 DECEMBRO. Por determinar.

Posiblemente: postais con materiais reciclados (pódense enviar entre grupos e entre linguas); concurso de especialidades doces e salgadas, entrega de recadación de rifas solidarias cunha organización sen ánimo de lucro local.

DÍA MUNDIAL DA RADIO – 13 FEBREIRO

Proposta de actividade na programación da Biblioteca para o curso actual.

DÍA DO LIBRO – 23 ABRIL

Proposta de actividade na programación da Biblioteca para o curso actual.

DÍAS DAS LETRAS GALEGAS – 17 MAIO

Proposta de actividade incluída na programación do EDLG 23-24 (e de ser o caso do Departamento de Galego) - por determinar.

Coordinación do equipo de culturais:

1. A vicedirección, como persoa coordinadora de culturais, promoverá, organizará e coordinará a realización de actividades culturais e de promoción dos idiomas que se imparten na escola, para as datas seguintes:
 - a. 11, 12 e 13 de setembro – XORNADA DE PORTAS ABERTAS + CAMPAÑA MATRICÚLATE
 - b. 26 setembro - DÍA DAS LINGUAS
 - c. 25 novembro – DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER (xunto co Grupo de traballo de centros educativos co CIM)
 - d. 25 decembro - NADAL.
2. Deseñará, seguindo as directrices establecidas pola CCP, actividades de interculturalidade que impliquen todos os idiomas que se imparten na escola e elaborará o plan anual, tendo en conta as achegas da comunidade educativa.
3. As actividades do 24 de outubro, 13 de febreiro e 23 de abril serán promovidas pola Biblioteca, coa colaboración esperada dos departamentos didácticos. A Biblioteca avanzará progresivamente cara a consolidación como centro vertebrador das actividades culturais dos departamentos (ver Proxecto Lector e Plambe). Pode ser necesario valorar a conveniencia de celebrar todas, dúas ou unha, segundo o curso.
4. A actividade do 17 de maio será promovida polo EDLG tamén coa colaboración de ser o caso do Departamento de Galego.
5. Para o resto das datas que se decidan incluír na programación de culturais de inicio de curso, segundo a Orde de calendario escolar, desde o centro se fará, de ser o caso, unha publicación conmemorativa.

6. De houber outras actividades, estas proporanse desde os departamentos, se programarán ao inicio do curso e tamén ao inicio de cada trimestre, e se avaliarán en reunións. **Toda actividade que non se aprobara na programación deberá presentarse para aprobación no Consello Escolar – solicitar modelo de informe á vicedirección ou xefatura de estudos.
7. Ao inicio de cada trimestre, a vicedirección enviará ao equipo de culturais unha táboa con tódalas actividades programadas polo centro e polos diferentes departamentos de linguas, Biblioteca e EDLG. Na mesma, pedirá ás persoas responsables de cada actividade que confirmen ou actualicen calquera modificación nas actividades inicialmente propostas.
8. Seguirase o documento '9.1 Protocolo de organización de culturais' aprobado en cursos anteriores, para a coordinación entre os departamentos ou persoas responsables da actividade e a vicedirección e secretaría. Por motivos organizativos non se asegura a coordinación de actividades non presentadas a principio de curso na programación, non presentadas no consello para a súa aprobación (no caso de non teren sido aprobadas anteriormente na programación) ou que non cumpran os tempos mínimos do documento '9.1 Protocolo de culturais'. O documento 9.1 está aberto a achegas da comunidade educativa e é susceptible de modificacións.
9. As xefaturas de departamento manterán os seus GCalendars actualizados para organización de actividades culturais, de xeito que a vicedirección e o resto do equipo poida organizarse adecuadamente en relación a tempos e espazos.

4. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para este curso 2024-2025, seguiremos ofertando liñas de formación en centro que vaian en consonancia cos obxectivos do proxecto de dirección, e tamén, coa detección de necesidades formativas do claustro.

LIÑA Didáctica / Desenvolvemento curricular / Organización nivel medio

“Proxectos de centro II: PAT”.

Coordina: Marta Gago, vicedirectora..

Duración prevista: 20h (grupo de traballo ou seminario) segundo participantes.

Temporalización: primeiro cuadrimestre (outubro a decembro).

Contidos: liña que facilitará a elaboración do Plan de Acción Titorial, destinada ao Equipo Directivo pero tamén aberta a profesorado do centro que queira aportar a súa visión. Manterase cada ano para dar saída a diferentes proxectos necesarios para o bo funcionamento do centro.

LIÑA Dixital / Metodoloxías dixitais / Nivel medio (B1/B2 MRCDD)

“Observando as TIC do centro”.

Coordina: Eugenia Pintos, Xefa de recursos TIC.

Duración prevista: 30h (grupo de traballo ou seminario) segundo participantes.

Temporalización: anual (decembro a maio).

Contidos: recursos dixitais de centro, tablets, server, GoogleWorkspace, Moodle, aproveitamento didáctico dos paneis dixitais, uso das ferramentas de avaliación para novas metodoloxías nas aulas dixitais, papel docente nas aulas virtuais, explotación didáctica de recursos dixitais. Observación entre iguais da implementación deses contidos na aula para creación de evidencias de aprendizaxe.



5. PROXECTO DE ORZAMENTO

Segundo establece o decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG 04/04/2003), elaborouse esta proposta de orzamento para o ano 2024 e aprobada polo Consello Escolar:

2	REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	31.702,82 €
3	MATERIAL DE OFICINA	5.500,00 €
4	SUBMINISTRACIÓNS	20.000,00 €
5	COMUNICACIÓNS	5.000,00 €
9	TRIBUTOS	700,00 €
10	AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN	600,00 €
11	GASTOS DIVERSOS (ACTIVIDADES CULTURAIAS)	6.600,00 €
11_1	XERAIS	3.000,00 €
11_2	DPTO. ALEMÁN	600,00 €
11_3	DPTO. FRANCÉS	600,00 €
11_4	DPTO. GALEGO	600,00 €
11_5	DPTO. INGLÉS	600,00 €
11_6	DPTO. ITALIANO	600,00 €
11_7	DPTO. PORTUGUÉS	600,00 €
11_8	ENDL	0,00 €
11_9	BIBLIOTECA	0,00 €
12	MOBILIARIO E UTENSILIOS INVENTARIABLES	2.594,67 €
13	OUTROS MATERIAIS INVENTARIABLES (DEPARTAMENTOS)	1.800,00 €
13_1	DPTO. ALEMÁN	300,00 €
13_2	DPTO. FRANCÉS	300,00 €
13_3	DPTO. GALEGO	300,00 €
13_4	DPTO. INGLÉS	300,00 €
13_5	DPTO. ITALIANO	300,00 €
13_6	DPTO. PORTUGUÉS	300,00 €
13_7	BIBLIOTECA	0,00 €
	PARTIDAS FINALISTAS	2.091,85 €
	Club Lectura 2023-24	658,85 €
	PLAMBE Fondos 2023-2024	1.433,00 €
	Proxecto Radio na Biblio	0,00 €
	TOTAL	76.589,34 €



6. PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA DO CENTRO

Vai en documento á parte.

7. PROGRAMACIÓN DO SERVICIO DE BIBLIOTECA

A programación da Biblioteca pódese consultar no Plan Anual Lector.

8. PROGRAMACIÓN DO SERVICIO DE RECURSOS MULTIMEDIA

A programación do servizo de recursos pódese consultar no Plan Dixital.